

Concerto "Música en Marineda"

"Música en Marineda" é o título do concerto didáctico ao que assistiremos próximamente. A cidade de A Coruña está de aniversario, cumpre 800 anos e para facerlle unha gran festa, os músicos da Orquesta Sinfónica de Galicia tocarán para nós as músicas que se inspiraron nas súas rúas e se tocaron nos seus salóns.

Sorpresa!! Con todos vos! A Orquesta Sinfónica de Galicia.

A orquesta sinfónica é un minúsculo planeta sonoro con moitos habitantes e ben distintos. Nos seus atrás atoparemos formas variadas: instrumentos alongados, redondeados, estreitos e anchos, grandes e minúsculos.

Tamén cruzarémonos con instrumentos de brillantes metais, de pel, de madeiras escuras, e outros de chamativacor vermella... moitos e moi distintos pero perfectamente organizados en tres grandes familias:

Corda

Vento

Percusión

Os instrumentos de corda:

Hai un grupo moi amplo de instrumentos que levan **cordas** tensadas sobre unha caixa de madeira (por certo ben bonita). Cando movemos as cordas pulsándoas cos dedos ou frotándoas cum **arco**, soarán. A caixa de madeira recolle o son da corda e faino medrar para que o escoitemos máis forte e potente.

A construción destes instrumentos é moi complexa. Bótase man de diferentes madeiras segundo as diferentes partes do instrumento.

Os **luthiers son as persoas que constrúen instrumentos** e traballan con moita delicadeza porque a máis pequena variación no grosor da madeira altera o son do instrumento. Logo, durante tres ou catro meses, irán dándolle ata doce mans de vernices preparados con distintos pigmentos. As cordas son de tripa, nailon ou metal. O arco é unha varíña que leva crinas de cabalo tensadas.

- Estes son os catro instrumentos de corda fretada que veremos no concerto:



Violín



Viola



Violonchelo



Contrabaixo

Os instrumentos de vento:

Son instrumentos de gran sonoridade e "portátiles", é dicir que os instrumentistas poden tocar ao tempo que se desprazan. Esta familia de instrumentos son túneis de vento. Cando soprarnos, enchemos os tubos con aire que vibra, e así provocamos o son.

Neste grupo de instrumentos atopamos certas diferenzas. Nunha simple ollada podemos distinguir que mentres uns están feitos de metal, outros son de madeira.

Algúns dos instrumentos de vento madeira son:




Clarinete



Oboe



Fagot



Flauta Traveseira

... pero tamén os hai de metal:



Trompeta



Trompa



Trombón



Tuba

Os instrumentos de percusión:

Esta é unha amplísima familia de instrumentos de formas, materiais, xeitos de facelos soar moi distintas. Chámanse así porque para que soen hai que percutidos ou o que é o mesmo, golpealos. É ben certo que te deste xeito conseguimos que vibren, e polo tanto, que soen.

Algúns deles son:



Platos



Cascabeis



Maracas



Castañolas



Cabaza



Timbais




Xilófono


¿Cómo se coloca a orquestra?

A colocación nun escenario de tantos e tan distintos instrumentos non é algo que se poida deixar ao chou. Cadaquen ten un lugar: os que sonan máis SUAVES poñeráanse diante DIANTE e os que sonan máis forte DETRÁS. Así, cerca do público van as cordas, logo os vento madeira, vento metal, e detrás de todos... a ruidosa percusión. Pero aínda hai máis: no lado ESQUERDO irán os instrumentos que sonan máis agudo, e no lado DEREITO os que sonan máis grave.

- Colorea de amarelo onde se sitúan as cordas, de azul onde se sitúan os instrumentos de vento madeira, de verde os de vento metal e de laranxa os de percusión.



- Lembra que estes dous instrumentos tamén forman parte da orquestra:



A arpa



O Piano



A directora ou director da orquestra sitúase DIANTE de todos, e NO MEDIO do escenario, enriba dunha pequena tarima para que se lle poida ver moi ben. Nas súa man dereita leva unha varíña chamada BATUTA coa que da as ordes aos músicos.

- Colorea á directora:

- Colorea os seguintes instrumentos e escreve o seu nome debaixo:

